

## PROXECTOS PROPIOS DE VOLUNTARIADO

SERVIZOS / ÁREAS DE ANIVERSIDADE	PROXECTOS / PROGRAMAS
<p><b>OMA (Oficina de Medio ambiente)</b>  M<sup>a</sup> Delfina Couce Fortúnez  986813883  <a href="mailto:oma2@uvigo.es">oma2@uvigo.es</a> - <a href="mailto:delfina@uvigo.es">delfina@uvigo.es</a>  De luns a venres de 09:00 a 14:00 h.</p>	<p><u><a href="#">Programa: Voluntariado ambiental no Gruvi - OMA para recuperación de equipos eléctricos e electrónicos</a></u>  <b>Desenvolvemento:</b> cada curso escolar - segundo necesidades  <b>Obxectivo xeral:</b> Minimización na xeración de residuos eléctricos e electrónicos da universidade.  <b>Obxectivo específico:</b> Revisar e reparar equipos eléctricos e electrónicos desbotados pola universidade para poder darlles unha segunda vida, doándoos a entidades sociais sen ánimo de lucro.  <b>Destinatarios do programa:</b> Poboación en xeral  <b>Perfil das persoas voluntarias:</b> Persoas con algunha formación en informática, electrónica e electricidade que teñan interese en desenvolver traballos no Gruvi (taller de recuperación de equipos eléctricos e electrónicos da Universidade de Vigo) que axuden na diminución como residuo dos equipos informáticos obsoletos.  <b>Función da persoa voluntaria:</b> Apoio no programa de recuperación de aparellos eléctricos e electrónicos no taller do Gruvi.  <b>Actividades que van a desenvolver:</b> Deberán realizar traballos de recuperación e aproveitando equipos informáticos avariados ou obsoletos, e dos seus compoñentes, co fin de destinalos a entidades sen ánimo de lucro.  <b>Lugar de realización das actividades:</b> Taller do Gruvi (Grupo de reciclaxe informática da Universidade de Vigo) no campus das Lagoas-Marcosende.  <b>Tempo de dedicación da persoa voluntaria:</b> mínimo de 2 - 4 horas á semana.  <b>Data de inicio/incorporación e finalización:</b> durante todo o curso escolar (exceptuando xullo e agosto).  <b>Observacións:</b> As persoas voluntarias poderán participar no programa durante toda a duración do curso escolar.</p>
<p><b>OMA (Oficina de Medio ambiente)</b>  M<sup>a</sup> Delfina Couce Fortúnez  986813883  <a href="mailto:oma2@uvigo.es">oma2@uvigo.es</a> - <a href="mailto:delfina@uvigo.es">delfina@uvigo.es</a>  De luns a venres de 09:00 a 14:00 h.</p>	<p><u><a href="#">Programa: Voluntariado ambiental na OMA para minimización de impactos ambientais e mellora de hábitats</a></u>  <b>Desenvolvemento:</b> cada curso escolar - segundo necesidades  <b>Obxectivo xeral:</b> Minimización de impactos ambientais e mellora de hábitats.  <b>Obxectivo específico:</b> Actuacións no medio natural para protexelo e restauralo e sensibilización ambiental da comunidade universitaria  <b>Destinatarios do programa:</b> Poboación en xeral  <b>Perfil das persoas voluntarias:</b> Persoas con formación e inqueda ambiental que teñan interese en desenvolver traballos que axuden a diminuí-lo grao de alteración na natureza e involucrase coa xestión ambiental.  <b>Función da persoa voluntaria:</b>  - Apoio en programas de minimización de impactos nos hábitats do campus (por exemplo erradicación de fauna e flora invasora).  - Apoio en programas de mellora dos hábitats do campus (restauración de hábitats).  <b>Actividades que van a desenvolver:</b> Deberán realizar traballos de campo mediante actuacións directas nos hábitats, que dependerán do impacto que se planifique minimizar ou a mellora que se pretenda aplicar en cada hábitat concreto.  <b>Lugar de realización das actividades:</b> Campus universitario de Vigo (As Lagoas-Marcosende).  <b>Tempo de dedicación da persoa voluntaria:</b> mínimo de 2 - 4 horas á semana.  <b>Data de inicio/incorporación e finalización:</b> durante todo o curso escolar (exceptuando xullo e agosto).  <b>Observacións:</b> As persoas voluntarias poderán participar no programa durante toda a duración do curso escolar.</p>

SERVIZOS / ÁREAS DE ANIVERSIDADE	PROXECTOS / PROGRAMAS
<p><b>Servizo de Prevención e Riscos Laborais (SPRL)</b>  Carmen Álvarez González // Mº José Montero Vilariño  986813605  sprl@uvigo.es  Luns a venres de 9:00 a 16:00 horas</p>	<p><u><a href="#">Programa: Colaboración na implantación dos Planes de Autoprotección e apoio nos simulacros dos centros da Universidade de Vigo</a></u>  <b>Obxectivo xeral:</b> Protección dos traballadores e usuarios dos centros da Universidade das posibles emerxencias.  <b>Obxectivo específico:</b>  - Dispoñer de persoas organizadas e formadas para poder actuar nas emerxencias.  - Coñecer os centros para poder actuar con rapidez nunha emerxencia.  - Evitar o orixe de posibles emerxencias.  <b>Destinatarios do programa:</b> Poboación en xeral  <b>Perfil das persoas voluntarias:</b> Persoas con interese en acadar coñecementos en Autoprotección.  <b>Función do voluntario/a:</b>  - Apoio na xeración da documentación de Autoprotección.  - Apoio na realización de simulacros.  <b>Actividades que van a desenvolver por posto:</b>  - Preparación da documentación e dos rexistros de entrega dos Planes de Autoprotección.  - Preparación do material de Autoprotección dos centros, (chalecos do persoal de emerxencias, lanternas, etc.).  - Actuación como observadores nos simulacros tomando nota do observado na súa zona.  <b>Lugar de realización das actividades:</b> Calquera centro da Universidade de Vigo, en todos os campus. Cando sexa fóra do Campus Universitario os levaría alguén do servizo.  <b>Tempos de dedicación dos voluntarios/as:</b> A escoller polo voluntario/a, dentro do horario no que o servizo permanece aberto.  Horario do servizo de 8:00 a 17:00 horas.</p>

SERVIZOS / ÁREAS DE ANIVERSIDADE	PROXECTOS / PROGRAMAS
<p><b>ORI:</b>  Amelia Rodríguez Piña  986813751  <a href="mailto:dir.ori@uvigo.es">dir.ori@uvigo.es</a>  Luns a venres de 8:30 a 14:30 horas</p>	<p><u>Programa: UVigo cos brazos abertos</u>  <b>Desenvolvemento:</b> 26 de agosto - 31 de outubro de 2019 // 08 de xaneiro - 28 de febreiro de 2020 // 20 de maio - 20 de xuño de 2020.  <b>Obxectivo xeral:</b> Acoller ao alumnado estranxeiro de intercambio nos tres Campus universitarios de Uvigo.  <b>Obxectivo específico:</b> Facilitar a chegada e a integración do alumnado estranxeiro de intercambio.  <b>Destinatarios do programa:</b> Estudantado estranxeiro de intercambio.  <b>Perfil das persoas voluntarias:</b> O alumnado debe ter coñecemento de idiomas, coñecemento sobre o funcionamento da ORI e dos Servizos da Uvigo así como de información de interese sobre a cidade de residencia dos estudantes de intercambio. Disponibilidade horaria e unha actividade aberta cara outras culturas.  <b>Función da persoa voluntaria:</b>  - Recepción e acompañamento de alumnado estranxeiro.  - Asesoramento e información.  - Apoio á organización de actividades.  <b>Actividades que van a desenvolver:</b>  <u>Recepción e acompañamento de alumnado estranxeiro:</u>  - Previa á chegada, contactar vía e-mail co estudantado estranxeiro para presentarse antes de que emprenda a viaxe a Galicia.  - Recoller aos estudantes estranxeiros asignados no aeroporto, estación de tren ou autobús en Galicia, tanto en Vigo, Ourense ou Pontevedra en función do campus onde reside a persoa voluntaria e acompañalos á ORI.  - Acompañar ao estudante ao seu lugar de aloxamento. Se o aloxamento é provisional, apoio para buscar aloxamento definitivo.  - Acompañar ao alumnado á facultade correspondente.  <u>Asesoramento e información sobre os seguintes aspectos:</u>  - Os servizos á comunidade universitaria dos tres Campus.  - Cursos de lingua e cultura española e galega.  - Opcións de aloxamento nas cidades de Pontevedra, Vigo e Ourense.  - Oferta cultural e de lecer da Uvigo.  - Organismos públicos de interese: hospitais, policía, consulado, etc.  <u>Apoio á organización de actividades:</u> As persoas voluntarias apoiarán na organización de, ao menos, 3 actividades.  - Ola! Festa de benvida.  - Coñécenos. Visita ás cidades dos 3 Campus:  ** Vigo + Illas Cíes.  ** Pontevedra + Combarro.  ** Ourense + Ribeira Sacra.  - Ata sempre! Festa de despedida.  <b>Lugar de realización das actividades:</b> O voluntariado desenvolverán as actividades nos tres campus de Universidade de Vigo.  <b>Tempos de dedicación dos voluntarios/as:</b> O voluntariado dedicaralle 30 horas para a realización das actividades sinaladas.  <b>Data de inicio/incorporación:</b> 1º cuadrimestre: 26 de agosto de 2019 // 2º cuadrimestre: 08 de xaneiro e 20 de maio de 2020.  <b>Data de finalización/saída:</b> 1º cuadrimestre: 31 de outubro de 2019 // 2º cuadrimestre: 28 de febreiro e 20 de xuño de 2020.  <b>Observacións/outros comentarios:</b> O alumnado recibirá unha formación sobre as funcións que vai desempeñar de 3 horas así como o material (incluídas nas 30 horas de acción).</p>

SERVIZOS / ÁREAS DE ANIVERSIDADE	PROXECTOS / PROGRAMAS
<p><b>SIE</b>            Magdalena Domínguez Álvarez            986812693 / 986813630  <a href="mailto:sie@uvigo.es">sie@uvigo.es</a>            De Luns a venres de 09:00 a 14:00 horas.</p>	<p><u><a href="#">Programa: Captación novo alumnado</a></u>  <b>Obxectivo xeral:</b> Educación  <b>Obxectivo específico:</b> Captación de novo alumnado  <b>Perfil das persoas voluntarias:</b> Estudantes de grao e de mestrado  <b>Función do voluntario/a:</b>            - Asistir a feiras e xornadas como apoio.            - Colaborar nas visitas dos centros de secundaria á Uvigo.            - Outras accións que se poidan realizar relacionadas coa captación.  <b>Actividades que van a desenvolver por posto:</b>            - En feiras/xornadas: apoio para a organización de stand, entrega de folletos, charlas cos estudantes sobre a súa experiencia na Universidade.            - En visitas: colaborar co SIE (servizo de información ao estudante) nas charlas de benvida aos estudantes contando as súas experiencias na Universidade.            - Xornada de orientación universitaria organizada polo SIE, colaborar en tarefas de organización de mesas/stands, distribución e acompañamento de estudantes na xornada de orientación, etc...  <b>Lugar de realización das actividades:</b>            Na propia Universidade e nos lugares onde teña lugar a propia feira, por exemplo Edugal en Pontevedra.  <b>Tempos de dedicación dos voluntarios/as, segundo postos:</b>            En relación coas visitas: 30 minutos no acto de benvida.            En relación coas feiras/xornadas durante o desenvolvemento das mesmas.  <b>Data de inicio/incorporación:</b> 29 de xaneiro  <b>Data de finalización/saída:</b> 31 de maio</p>
<p><b>PIUNE:</b>            Telf. 986813817  <a href="mailto:diversidade@uvigo.es">diversidade@uvigo.es</a></p>	<p><u><a href="#">Programa: Axuda a estudantes con necesidades específicas</a></u>            A Universidade de Vigo, co ánimo de apoiar aos estudantes con discapacidade, e fomentando unha completa igualdade de oportunidades e a súa completa integración na vida universitaria, pon en marcha o Programa de Integración de Universitarios con Necesidades Especiais (PIUNE).</p> <p>Mediante este programa os estudantes poderán recibir:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Atención, acollida e asesoramento en coordinación co gabinete psicopedagóxico da universidade.</li> <li>• Soporte ao estudo (adaptacións curriculares, recursos técnicos de apoio...).</li> <li>• Acompañamento en actividades diversas por voluntarios da Universidade de Vigo.</li> </ul>

SERVIZOS / ÁREAS DE ANIVERSIDADE	PROXECTOS / PROGRAMAS
<p><b>Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación</b>  Xosé Mª Mahou Lago  986813587 / 986130261  direc.rsc@uvigo.es  Martes e mércores de 12:00 a 14:00 horas.</p>	<p><u><a href="#">Programa: Axenda 2030. Axentes de cambio</a></u>  <b>Desenvolvemento temporal:</b> Do 3 de febreiro ao 30 de abril de 2020.  <b>Obxectivo xeral:</b> As persoas voluntarias, logo de recibir unha formación de 30 horas (con recoñecemento de 1 ECTS), darán a coñecer entre o alumnado da Uvigo a través dunha serie de actividades a Axenda 2030. Esta Axenda, aprobada pola Asemblea de Nacións Unidas en 2015, é un plan de acción global centrado no planeta e nas persoas que busca avanzar na prosperidade, na xustiza e na paz universal a través de implementación de 17 obxectivos, os denominados Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). Estes obxectivos van acompañados, a súa vez, de 169 metas que deben inspirar ás políticas públicas postas en marcha polas administracións que operan nos Estados, entre elas, as Universidades.  <b>Obxectivo específico:</b> Levar a cabo campañas e actividades de sensibilización nos 3 Campus da Uvigo sobre o contido dos 17 ODS da Axenda 2030.  <b>Destinatarios do programa:</b> Alumnado dos 3 campus da Uvigo  <b>Perfil das persoas voluntarias:</b> As persoas voluntarias deben:  * Ter un coñecemento exhaustivo da Axenda 2030. Para isto, as persoas voluntarias deberán participar nun curso de 30 horas (1ECTS) sobre a Axenda e os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) organizado pola Universidade de Vigo. Este curso, eminentemente práctico, será impartido no mes de outubro e novembro baixo modalidade virtual (Faitic) e presencial. Contará con 3 grandes módulos: Introducción á Axenda 2030, os ODS das persoas e os ODS do planeta.  * Mostrar un compromiso claro e sincero co desenvolvemento sostible.  * Ser creativas e ter habilidades comunicativas.  * Contar con capacidade de traballo en equipo  <b>Función da persoa voluntaria:</b> Tarefas de sensibilización sobre a Axenda 2030 e os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible entre o estudiantado da UVigo.  <b>Actividades que van a desenvolver:</b>  1. Informar ao estudiantado sobre a Axenda 2030 en stands situados en lugares estratéxicos dos 3 Campus da Uvigo a través de material específico.  2. Colaborar na organización e implementación de actividades vinculadas co proxecto.  <b>Lugar de realización das actividades:</b> Nos 3 Campus universitarios. Buscarase un espazo de máxima afluencia de público para situar o stand informativo e as actividades serán organizadas naquelas facultades que contén cos medios necesarios.  <b>Tempos de dedicación das persoas voluntarias:</b>  * Información en stand: do 3 - 28 de febreiro. 3 horas á semana (9 horas).  * Actividades: 2 de marzo - 30 de abril  - Colaboración na organización: 20 horas.  - Implementación da actividade: 12 horas.  <b>Data de inicio/incorporación:</b> 03/02/2020  <b>Data de finalización/saída:</b> 30/04/2020</p>

SERVIZOS / ÁREAS DE ANIVERSIDADE	PROXECTOS / PROGRAMAS
<p><b>Delegación de alumnos – Facultade de Dereito (Ourense)</b>            Beatriz Pardo Iglesias            655162986  <a href="mailto:beatriz.pardo.iglesias@gmail.com">beatriz.pardo.iglesias@gmail.com</a>            De 9:00 a 14:00 h.</p>	<p><u><a href="#">Programa: CASOACOSO (Delegación de alumnos - Fac. de Dereito - Ourense)</a></u>  <b>Obxectivo xeral:</b> Prevención acoso escolar  <b>Obxectivo específico:</b> Sensibilización, visualización y toma de datos sobre acoso escolar  <b>Destinatarios do programa:</b> Infancia, Xuventude  <b>Nº aproximado dos beneficiarios:</b> Sobre 1200 alumnos/as de educación primaria y educación secundaria  <b>Perfil das persoas voluntarias:</b> Estudantes universitarios de calquera rama de estudos. Para a realización das charlas nos centros educativos, valorarase especialmente estudos en Educación, Integración Social, Psicoloxía, Traballo Social, etc. Para o tratamento das enquisas valorarase especialmente estudos en informática, ADE, etc.  <b>Función do voluntario/a:</b>            - Planificar actividades: contacto con centros escolares, organismos públicos, organismos privados.            - Acudir aos centros educativos - Tratamento de enquisas.  <b>Actividades que van a desenvolver:</b>            - Acudir aos centros educativos para realizar a actividade - Tratamentos de enquisas.            - Acudir a distintos organismos para presentar a actividade e buscar colaboración.  <b>Lugar de realización das actividades:</b> Distintos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia  <b>Tempos de dedicación dos voluntarios/as:</b> Semanalmente 4 horas, aproximadamente, para o voluntariado que acuda aos centros educativos // 20 horas, por curso académico para tratamento de enquisas.  <b>Nº total de voluntarios/as necesarios:</b> 10 para a realización de actividades, 2 para o tratamento de enquisas  <b>Observacións/outros comentarios:</b> A actividade desenvólvese da seguinte maneira:            Unha primeira actividade, na que se pretende realizar unha labor preventiva, dirixida a visualizar e sensibilizar sobre as condutas que poidan ser susceptibles de provocar acoso escolar, e danar a integridade física e moral. Nesta primeira actividade, os membros de CasoAcoso acudimos aos centros educativos para realizar unha actividade dinámica de arredor dunha hora e media de duración, na cal o alumnado participará de forma activa, co fin de xerar debate sobre o acoso escolar. Nesta actividade participan arredor de 60-80 alumnos/as e acoden 10 universitarios aproximadamente. A dinámica é a seguinte:            1º Toma de contacto co alumnado, comézase de forma informal presentándonos como alumnado da Universidade, conseguindo situarnos nunha posición mais preto e igualitaria ante eles e a actividade. Tras isto, pregúntase se coñecen algunha lei ou algún dereito que os ampare e se saben cal é a lei máis importante do noso país.            2º Lectura por parte dos alumnos do artigo 15 da Constitución Española ""Todos teñen dereito á vida e a integridade física e moral, sen que, en ningún caso, poidan ser sometidos a tortura nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes"" explicación do mesmo e opinións sobre o que significa a integridade física e moral. Para iso, reunímonos cada estudante universitario cun grupo de arredor de 10-15 alumnos durante 10 minutos. Na reunión xeramos debate sobre o que pode infrinxir tanto a integridade física, como a integridade moral. Ao rematar, cada grupo elixe 2 portavoces, os cales dirán algunha conduta que infrinxa a integridade física e outro que infrinxe a integridade moral.            3º Proxección dun vídeo realizado por UNICEF para previr o acoso escolar ""días contados"". Tras o visionado do vídeo preguntárase ao alumnado o significado deste. Nel pódese visualizar a ""invisibilidade"" e a ""sutiliza"" do acoso escolar e as graves consecuencias que poida xerar"            4º Testemuñas de xoves universitarios que sufriron acoso escolar e vírono de cerca.            5º Enquisa anónima con varias cuestións sobre o acoso. Con ela inténtase tomar datos sobre a habitualidade e a xeneralidade do acoso escolar, na Comunidade Autónoma de Galicia.            6º Despedida e explicación da dinámica do buzón ""te escucho"" que permanecerá nun lugar do instituto, acordado co centro, así como das distintas redes sociais3 habilitadas para recibir e transmitir información. Deixamos un buzón nos institutos que decidan colaborar, co propósito que, o alumando, de forma anónima, poidan contar os casos de acoso escolar, ben por estar sufríndoas, ben por ter coñecemento destes como espectadores ou terceiros, incluso como acosadores.            En segundo lugar, espérase realizar unha xornada sobre ""Responsabilidade Penal do Menor"" que se levará a cabo na Facultade de Dereito de Ourense, na que intervirán distintos profesionais relacionados coa responsabilidade penal do menor, entre eles, Fiscalía de Menores de Ourense, Profesor de Dereito Penal e Procesal de Menores da Facultade de Dereito de Ourense, Educador Social especializado en xoves infractores y desamparados e avogado especialista en ciber acoso e acoso escolar.</p>

SERVIZOS / ÁREAS DE ANIVERSIDADE	PROXECTOS / PROGRAMAS
<p><b>Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria e Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado</b>            María de los Ángeles Villar Lemos            986812035  <a href="mailto:innovacion.educativa@uvigo.es">innovacion.educativa@uvigo.es</a>            De luns a venres de 09:00 a 14:00 h. e de 15:00 a 17:00 horas.  <a href="https://goo.gl/58C83h">https://goo.gl/58C83h</a></p>	<p><u>Programa: MEET-Uvigo</u>  <b>Desenvolvemento temporal:</b> Do 01 de setembro ao 30 de maio de cada ano académico  <b>Obxectivo xeral:</b> Axudar á adaptación do alumnado de primeiro curso á Universidade de Vigo  <b>Obxectivo específico:</b> O alumnado de 1º grazas ao alumnado mentor conseguirá:            - Potenciar a súa autonomía.            - Mellorar os seus métodos de estudo.            - Saber poñer en práctica técnicas para súa xestión do tempo.            - Poñer en práctica competencias intrapersoais (afondar no seu autoconecemento, xestión emocional, motivación).            - Desenvolver competencias interpersoais (traballar en equipo, resolver conflitos...).</p> <p><b>Destinatarios do programa:</b> Alumnado de 1º curso das seguintes titulacións: Tecnoloxías da Telecomunicación, Linguas Estranxeiras, Recursos Mineiros e Enerxéticos, Enerxía, Química, Economía e Ciencias do Mar.  <b>Nº aproximado dos beneficiarios:</b> 440 alumnos/as segundo o número de prazas ofertadas para o 1º curso.  <b>Perfil das persoas voluntarias:</b> As persoas voluntarias teñen que ser estudantes de 3 e 4 (en casos extraordinarios poderían participar o alumnado de 2º) das titulacións que teñen como PAT ao MEET-Uvigo. Actualmente están participando as seguintes titulacións: Tecnoloxías da Telecomunicación, Linguas Estranxeiras, Recursos Mineiros e Enerxéticos, Enerxía, Química, Economía e Ciencias do Mar.            Será requisito imprescindible a superación da formación do MEET-Uvigo.  <b>Función da persoa voluntaria:</b>            1. Reunirse co alumnado de 1º curso como mínimo 8 veces nas datas programadas.            2. Preparar as temáticas das sesións coa persoa coordinadora do MEET-Uvigo.            3. Aportar información sobre como se desenvolveron as reunións na materia xerada na plataforma FaiTIC.            4. Asistir ás sesións de supervisión.            5. Notificar incidencias a persoa coordinadora do MEET-Uvigo.            Actividades que van a desenvolver por posto: A actividade é a mesma  <b>Lugar de realización das actividades:</b> Nos centros onde se desenvolve o MEET-Uvigo  <b>Tempos de dedicación das persoas voluntarias:</b> 41,5 horas:            *Reunións directas entre o alumnado mentor (persoa voluntaria) e o seu grupo: 8 horas.            * Posta en común e preparación entre o alumnado mentor e a correspondente coordinadora do MEET-Uvigo: 8 horas.            * Estímase tamén a necesidade dunha hora adicional de preparación persoal de cada alumnado mentor por cada sesión presencial (preparación de material, elaboración de orde do día, redacción de actas, ...): 8 horas.            * 3 sesións de 4,5 horas de supervisión: 13,5 horas.            * Algún encontro individual ou actividade a maiores: 4 horas.  <b>Nº total de persoas voluntarias necesarios:</b> 75  <b>Data de inicio/incorporación:</b> 01 de setembro  <b>Data de finalización/saída:</b> 31 de maio</p>
<p><b>Posibilidade de engadir máis proxectos que sexan do voso interese</b></p>	